

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FORCAREI CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2015.

ASISTENTES		GRUPO POLÍTICO
ALCALDESA:	Dª Belén Cachafeiro Anta.	PP
CONCELLEIROS:		
D. Ricardo Villaverde Iglesias.	PP	
D. Vicente Búa Martínez.	PP	
Dª María Jesús Sineiro Vidal.	PP	
D. Alejo Vidal Moreno.	PP	
D. José Francisco Bouzas Vázquez	PP	
Dª Ana Isabel Doval Fraíz.	PSdeG -PSOE	
D. Miguel Pereira Fernández	PSdeG -PSOE	
D. José Manuel Alvarez Sanmartín	PSdeG -PSOE	
Dª María Abilleira Pomar.	F.F	
D. Roberto Jorge Correa.	BNG	
SECRETARIA:		
Dº. Mº Elena Sueiro Fernández.		
AUSENTE, previa excusa:		

En Forcarei a vintecastro de setembro de 2015, xoves, sendo as doce horas catorce minutos no Salón de Plenos da Casa Consistorial, previa convocatoria para o efecto, reúnense, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Forcarei.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, pola Sra. Presidenta declarase validamente constituída a sesión.

Pásase a continuación a trata-los seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.-APROBACIÓN CONTA XERAL 2014.

A Sra. Alcadesa expón que visto o expediente de tramitación para a aprobación da Conta xeral do exercicio 2014, e visto que se seguiron os trámites previstos legalmente, Propoño que polo pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello correspondente ó exercicio de 2014, nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.-Remitir dita conta ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas, nos termos previstos na Regra 229 da Instrucción de Contabilidade Simplificada”, así como á Delegación de Economía e Facenda.

Dª. Ana Isabel Doval Fraíz, voceira do PSdeG –PSOE, indica que o grupo socialista vai votar en contra, porque nas contas do 2014 se deixaron partidas sen executar moi importantes, como as de fomento do emprego ou emerxencia social. Sinala que dende a aprobación inicial xa houbo que facer un PEF, polo que consideran que non hai rigor municipal. Sinala que se deixaron de executar máis de 30.000,00 da párftida de fomento de emprego para facer investimentos.



D Roberto Jorge Correa, concelleiro do BNG, integrante do grupo mixto indica que non entende porque hai tantos reparos por traballos sen contratos, xa que logo esto indica que a xestión non é todo o eficaz que se di.

Sometido o asunto a votación:

- Votos a favor: seis (6), Sres/as Concelleiros/as do PP
- Votos en contra tres (3), Sres/as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE
- Abstencións: dúas (2), Sres/as Concelleiros/as do BNG e F.F (grupo mixto)

Queda aprobado por maioría absoluta do úmero legal de membros da corporación o seguinte acordo:


PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Concello correspondente ó exercicio de 2014, nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Remitir dita conta ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Contas, nos termos previstos na Regra 229 da Instrucción de Contabilidade Simplificada”, así como á Delegación de Economía e Facenda.

E non tendo outros asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta da Corporación, levanta a sesión, sendo as doce horas vinte minutos, co que se da por rematado o acto, estendéndose a presente acta que asina a Sra. Alcaldesa-Presidente, comigo Secretaria, de todo o canto eu, dou fe.



Asdo: Belén Cachafeiro Anta.



Asdo: Mª Elena Sueiro Fernandez